

Curso de Técnicos e Adeptadores Deportivos Nivel I: Bloque Común

Presentación

A Dirección Xeral para o Deporte, a través da Escola Galega do Deporte, ten a competencia de promover a formación deportiva dos técnicos e adestradores ata que se desenvolvan as ensinanzas oficiais da súa modalidade deportiva.

Neste marco, a Escola Galega do Deporte organiza o Bloque común do Curso de Técnicos e Adeptadores Deportivos de Nivel I. Iníciase así o itinerario formativo que, unha vez completado co Bloque específico e as Prácticas que oferten as distintas Federacións deportivas galegas, permite acadar o título de Adestrador/ra deportivo de nivel I.

Durante o ano 2008 están programados cursos antes do verán e a partir do mes de outubro, de xeito que as persoas interesadas poidan programar a súa formación acordes coa súa dispoñibilidade laboral e deportiva.

Obxectivo

O obxectivo académico do Curso de Técnicos e Adeptadores Deportivos de Nivel I é o de proporcionar os coñecementos necesarios para a realización de tarefas de iniciación para dirixir adestramentos nun estadio básico.

Requisitos de acceso

- 16 anos cumpridos
- Título Graduado en ESO ou titulación equivalente a efectos académicos
- De non ter este título: 18 anos cumpridos e superar unha proba de madurez en relación cos obxectivos da ESO.

Contidos

Materia	Horas lectivas
Fundamentos biolóxicos : Elementos básicos da anatomía	8
Fundamentos biolóxicos : Elementos básicos de fisioloxía	7
Comportamento e aprendizaxe	10
Teoría e práctica do adestramento deportivo	15
Organización e lexislación do deporte galego	5

Metodoloxía

Sesións presenciais na que se desenvolven as distintas materias que compoñen os módulos temáticos, incorporando dinámicas onde se estimula a participación do alumnado.

Avaliación: será requisito a asistencia ao 80% das horas teóricas e a superación do exame final. Será realizada dentro do horario lectivo.

Profesorado:

Estará integrado por docentes procedentes da Facultade de Educación Física de Coruña, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra e do COLEF de Galicia (Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte)

Duración

Duración total: 45 horas.

Realizarase en tres fins de semana nos meses de Maio e Xuño.

Lugar de impartición

Lugares	Datas	Horario
Oleiros Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física Avda. Ernesto Che Guevara nº 121. Bastiagueiro	6, 7, 20, 21, 27, e 28 de Xuño	Venres: 16:30 a 21,30 h.
Pontevedra Centro Galego de Tecnificación Deportiva Padre Fernando Olmedo, 3	30 e 31 Maio 13, 14, 27 e 28 Xuño	Sábados: 9,00 a 14,00 h. 16:00 a 21:00 h.

Información e Matrícula

Escola Galega do Deporte.

Estadio Multiusos San Lázaro s/n Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 542647, 957081 o 957082

Fax: 981 542638

Correo electrónico: escolagalegadodeporte@xunta.es

Web: www.deportegalego.eu / cursos técnicos deportivos

Inscrición segundo formulario normalizado (descargar na web)

Data límite de inscrición:

23 de maio.

Confirmación de inscrición:

Via correo electrónico, por fax ou telefonicamente.